

**Resolución reitoral pola que se publica a listaxe definitiva de concesión das axudas de investigación da Cátedra Feminismos 4.0 DEPO-UVIGO**

En virtude das facultades outorgadas pola Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo do sistema universitario e o Decreto 13/2019, de 24 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos desta Universidade e segundo o establecido na Resolución Reitoral do 28 de xuño de 2023, pola que se procede á convocatoria de axudas de Investigación da Cátedra Feminismos 4.0 Depo-UVigo,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

A publicación da listaxe definitiva de solicitudes con axuda concedida:

DENOMINACIÓN DO PROXECTO	PUNTUACIÓN ACADADA	IMPORTE SOLICITADO	IMPORTE CONCEDIDO
Donas do Espazo: estudo exploratorio do hábitat igualitario da cidade de Pontevedra	8	5.840,00 €	5.026,16 €
Usos das tecnoloxías dixitais para a promoción da saúde: adaptación do cuestionario SaludDigitalEdu á poboación adolescente galega (SaludDigitalEdu_Gal)	9	5.900,00 €	5.654,52 €
Toxicidade e violencias machistas nas redes sociais. Estudo cualitativo entre o alumnado da Universidade de Vigo	8,7	6.000,00 €	5.465,95 €
A Outra Cara Da Edición Feminina en Galicia: Ilustradoras, Maquetadoras e Tradutoras no Século XXI	6	6.000,00 €	3.769,62 €
Guía operativa para incorporar a perspectiva de xénero á investigación no ámbito tecnolóxico-industrial	6,5	6.000,00 €	4.083,75 €
Deseño de APP Móbil. Mellora na atención e coordinación en violencia de xénero MAX APP.	10	6.000,00 €	6.000,00 €

---

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O Reitor  
Manuel Joaquín Reigosa Roger